

POESÍA.

Combustión imperfecta do pasado

O pouso do fume

Autoría: Dores Tembrás.

Edita: Espiral Maior.

Tres autores novos (Dores Tembrás, autora d' *O pouso do fume* que hoxe traemos a estas páxinas, Xiana Arias, autora de *Acusación*, re-

centemente comentado, e Alberte Momán, autor de *A crise irreductible*, e o máis

veterano dos tres, en tres editoras diferentes (Espiral Maior, Galaxia, Lulu.com – dúas convencionais e a terceira explorando novos camiños), dúas mulleres e un home, poetando desde o mesmo eixo temático e publicando no mesmo ano... É algo máis que casualidade. O noso obxectivo é o poemario de Dores Tembrás, porén consideramos que non deben pasar desapercibidos tales datos, baixo a camuflaxe covarde do curioso.

Máis, se antes escribimos "eixo temático" débese a que en cada autor presúmense matices (tonais, estéticos, temáticos) propios, e aquí tampouco se poden negar. Tamén é certo que as coincidencias, sobre todo nos dous poemarios femininos, son tan evidentes como fondas, debuxando en trazos firmes e doentes unha xeración moza atrapada (que "acusa", en Xela; en "crise irreductible", Alberte; perante a "combustión imperfecta", Dores), atrapada entre o pasado particular, un presente insatisfactorio (os tres procuraron albergue no cotián), e un futuro no cal o único



Dores Tembrás.

que observan son os acenos, cada vez máis débiles, das vellas ltacas tópicas e utópicas e unha incerteza ou inseguranza preocupante (perante os demos da sociedade capitalista), de xeito que toda a súa voluntariedade fica refén dun (auto)alleamento ameazante... e loitar contra el parece a única paraxe adecentada, que non saída.

O poemario iníciase, logo do lúcido limiar de Teresa Seara, cunha primeira parte intitulada "oxidación", na que se dá conta das bágoas da combustión imperfecta que impregnan os ollos da poeta. Que combustión? A da lembranza, mediante a cal se decantan os pousos da memoria. Á marxe do valor cartográfico das palabras, ou aínda a pesar seu, toda ollada atrás representa unha recuperación que evita a nosa completa ruína interior. E tamén a compañía, menos deseñábel, máis doente, de varia fe-

nomenoloxía adversa. Sen que a recuperación do pasado chegue nunca a ser lastre, non ofrece á poeta ningunha solución ao dilema en que se atopa. Así, aos poemas van retornando íntres da infancia, eses instantes máxicos, e con eles ve-

ñen aparelladas as espiñas, as perdas. De xeito que, pouco máis de mediada a metade desta parte, xa é consciente de que "o pasado regresa sempre cheo / de trampas adorábeis / elaboradas con premeditación e aleivosía" (p. 31), de que só ten ilusións quen as racha. Mais o propósito de deixar en paz o pasado, de "deixar de

buscar a casa de Hansel e Gretel" (p. 31), maniféstase como inútil e, por moito que se teime na refabulación realista e mesmo idealista, o pasado sempre acompaña, os contos oídos na infancia non sofren o pesado paso de tempo. Este desenganho leva a unha tentativa de re-

colección ou sumatorio, e aínda que se formule propósito / desexo de limpeza, en realidade non vai supor senón comezar de novo o conto da leiteira.

Malia todo, a segunda parte ("combustión") arrinca desde a convicción de que non hai outra que recoñecérmonos herdeiros porque tamén van ser as lembranzas o único auxilio fiel contra as ventadas frías de que a actualidade nos vai sementando os días e os camiños de orfos á intemperie do paso do tempo. As palabras son, velaí, instrumento que tanto nos devolve os predios do perdido como nos fai conscientes da nosa fractalidade vital, desa discontinuidade polo corredor doméstico da vida... que ten tanto de caos e nos debuxa a nós, cando lembramos, a xeito de *voyeur* á vez privilegiado e penitente porque sempre é consciente das ausencias. *Voyeur* camiñando ás apalpadadas segundo a medida das ausencias, e desafiando a gravidade (nótese que se di a gravidade onde antes se diría algo relativo a algunha deidade, o tempo pasa e non sempre en balde).

Así as cousas, o terceiro monllo, "pouso", parte desde a non discusión da memoria, e tamén de que a vida nunca deixa de ser outra historia por andar, na cal os remedios de fóra pouca axuda van supoñer á hora de diseccionar os pousos e tentar destilar un fio que enfíe o ronsel das bágoas de Sísifo de cada xeración. A fin de contas o único oficio fiábel, críbel, que desempeñamos nesta vida, non ten que ver tanto co labor polo que recibimos salario... como co feito de recoñecernos herdeiros, coas súas limitacións e cicatrices... un elo máis da liña discontinua que contempla atónito os pousos que tatuados na pel e nos ollos da alma vai deixando a combustión imperfecta da vida e das emocións, das derrotas e caricias, das labazadas e os desexos, gardados na ponte das palabras, esas laxes ás veces aguzadas.

>>> Que nestes pousos aínda queda sinal, unha vella lembranza daquel aguillón epigramático que cunha mínima picada expandía doses abalantes. O poema tende indiscutibelmente á brevidade e non garda o ferrete nunca, porén esta é unha picada non sempre violenta e si, moita veces, maina, fonda e persistente de xeito que todo o corpo fique doído polas bágoas da combustión imperfecta en que consiste o oficio de vivir, peregrinaxe para cal de pouco serven as vacinas da herdanza senón en tantas ocasións para lembrarnos que a única meta é continuar de pé. Que a inconsciencia non axuda a vivir senón a desvivir. E máis sendo muller. Que sendo a humana especie intelixente, aínda non logrou equilibrio perfecto entre e memoria e o desexo de erguer a vista do chan sen perspectivas de abismo (intemporal). ●

X.M. Eyre